



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 102/142

**ASUNTO:** INFORME SOBRE OS PLANS ORZAMENTARIOS DE MEDIO PRAZO

**GRUPO DE CONSOLIDACIÓN:** Entidade, XMU, Fundacións: MARCO, LISTE e C.BUREAU

**PERÍODO:** 2027-2029 MARCO ORZAMENTARIO

**MINISTERIO:** HACIENDA e FUNCIÓN PÚBLICA

**PRAZO LÍMITE DE REMISIÓN:** 24 horas do día 14/03/2026

En cumprimento do previsto no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, as Administracións Públicas elaborarán un plan orzamentario a medio prazo, no que se enmarcará a elaboración dos Orzamentos anuais e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos seguintes:

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Cumprimento co obxectivo de sostibilidade financeira, que ten a súa expoñente no coeficiente de débeda pública.

Cumprimento co obxectivo de sostibilidade da débeda comercial.

Cumprimento coa regra de gasto de acordo á evolución da taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía Española.

Así mesmo, este marco servirá para dar cumprimento ao requirimento previsto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, sobre as liñas fundamentais do Orzamento que serán remitidas antes do 15 de setembro de cada ano.

O período que conterà o marco, ten que abarcar tamén a previsión de Liquidación do ano precedente, neste caso, a do orzamento do ano 2026.

#### I.- PRAZO E CONTIDO MÍNIMO DO PLAN

- Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto das respectivas Administracións Públicas.
- As proxeccións dos principais conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 1 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Unha avaliación de como as medidas previstas poden afectar á sostibilidade a longo prazo das finanzas públicas.
- A información sobre os pasivos contingentes, como son as garantías públicas e préstamos morosos, que poidan incidir de maneira significativa nos orzamentos públicos.
- O período mínimo é de tres anos.

## II.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, coa modificación operada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro.

Directiva 2011/85/UE do Consello de 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Regulamento (UE) nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

## III.- DETALLE DO PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO

- As proxeccións dos conceptos de ingresos e aplicacións de gastos tendo en conta tanto a súa evolución tendencial, é dicir, baseada en políticas non suxeitas a modificacións, como o impacto das medidas previstas para o período considerado.
- Os principais supostos nos que se basean ditas proxeccións de ingresos e gastos.

O Ministerio de Facenda, está a requirir que antes das 24 horas do día 16/03/2026, por ser este o último día que está aberta a plataforma, se faga a remisión da información sobre o marco orzamentario para o período 2027-2029, seguindo os criterios establecidos na Guía editada ao efecto que figura na páxina web do MINHAFP.

O artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, modificado polo artigo Único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, obriga a todos os entes que conforma o Sector público, cuxo perímetro está definido.

O artigo 6 da Orde, establece que antes do quince de marzo de cada ano, de acordo coa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 2 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 102/142

información sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública que previamente fixe o Estado, remitiranse os marcos orzamentarios a medio prazo nos que se enmarcará a elaboración dos seus Orzamentos anuais.

O marco orzamentario da entidade local deberá elaborarse a nivel consolidado para todos aqueles entes que formen parte do subsector S.1313 Corporacións Locais de Contabilidade Nacional dentro da entidade local.

A información estará expresada en termos consolidados conforme á normativa de estabilidade orzamentaria. En consecuencia, os importes, expresados en euros, virán referidos á suma de:

- Entidade local principal .
- Organismos Autónomos dependentes da entidade local principal.
- Entes públicos vinculados ou dependentes da entidade local principal, que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais.

Os entes que conforman o perímetro de consolidación tomaranse da información que consta no Inventario de Entes do Sector Público Local.

O Concello ten unha participación minoritaria do 10 por 100 na Empresa de Servizos Mortuorios. Inicialmente, existía unha empresa mixta como forma de xestión indirecta, a partires da liberalización do servizo pola entrada en vigor do Real Decreto Lexislativo 7/1996, de 7 de xuño, transformouse a forma de prestación do servizo, a Entidade Local quedouse coa porcentaxe de capital citado. A nova forma xurídica créase o 27/09/2001. A participación ten causa na transformación da sociedade mercantil, e non supuxo desembolso algún con cargo o orzamento da Entidade Local.

Tamén se mantén unha participación minoritaria do 1,37 por 100 no capital da Sociedade Universitaria SA, sendo o importe desta participación de 50.726,25 euros. O obxecto social desta sociedade mercantil é a xestión da cidade universitaria de Vigo.

A participación no Consorcio Casco Vello de Vigo é minoritaria, representa o 10% da totalidade das achegas, estando definido como Consorcio Autónomo, formando parte do Grupo de consolidación da Xunta de Galicia.

En consecuencia co anterior, as devanditas sociedades e o CCVV, non forman parte do perímetro de consolidación.

O perímetro que conforma o grupo de Consolidación establecido polo MINHAFP para o Concello de Vigo, que figura na paxina web, diferenciando os entes sectorizados dos dependentes, está delimitado polas seguintes institucións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 3 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Entidade Local.  
Xerencia Municipal de Urbanismo.  
Fundación MARCO.  
Fundación LISTE.  
Fundación C.BUREAU.

#### IV.- TAXA DE REFERENCIA DE CRECEMENTO DA ECONOMÍA ESPAÑOLA.

De acordo co artigo 15.5 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria, correspóndelle ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade elaborar periodicamente un informe de avaliación da situación da economía española que se prevé para o período do marco.

O Devandito informe conterá, entre outras informacións, a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que limitará a variación do gasto das Administracións Públicas.

#### Estabilidade

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do 11 de decembro de 2025 o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, aos efectos das regras fiscais, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedando fixados os seguintes obxectivos:

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Non hai senda para o período 2027-2029, polo que, en aplicación do previsto no artigo 135 da Constitución Española e artigos 3 e 11 dá lei Orgánica 2/2012, se dará cumprimento do equilibrio orzamentario.

En todo caso, a estabilidade prevista para o peche do ano 2026, é de superávit.





### Regra de gasto

A base de cálculo para a Liquidación do ano 2026, é a Liquidación axustada do ano 2025.

A regra de gasto non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vinculante o acordo do Consello de Ministros de 18 de novembro de 2025, no que se fixaron os coeficientes de evolución do gasto non financeiro para o período 2026-2028.

	2026	2027	2028
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,50%	3,40%	3,20%

Para o ano 2029, mantense a variación do GNF do ano 2028.

En relación coa Liquidación do ano 2025, o gasto non financeiro axustado correspondente ao Grupo Concello de Vigo, foi de 271.756.882,76 euros, dos que 258.760.423,85 euros son da entidade matriz, 11.087.990,07 euros da XMU, 1.078.207,62 euros da Fundación MARCO, 701.010,90 euros da Fundación C.BUREAU e 129.250,32 da Fundación LISTE..

De acordo coas previsións feitas, xa computada a modificación orzamentaria o gasto non financeiro axustado para o ano 2026 é de 276.262.149,32 euros, o límite do GNF tendo en conta o peche do ano 2025, é de 281.268.373,66 euros (liquidación 2025\*taxa de variación, TRCPIB 3,5%), dando cumprimento ao obxectivo.

### V.- ORZAMENTO DE PARTIDA AOS EFECTOS DE FIXAR O MARCO ORZAMENTARIO

Ao obxecto de dar cumprimento á información solicitada en relación co marco orzamentario para o período 2027-2029, pártese da situación da Liquidación Orzamentaria do ano 2025, aprobada polo Sr. Alcalde Presidente por Resolución de data 11/02/2025, da que, se deu conta ao Pleno do Concello na sesión ordinaria do 22/02/2026.

A previsión de liquidación do Orzamento do ano 2026, está calculada segundo a información contida a esta data, aplicando os índices de execución históricos por capítulos. Ademais do anterior, no ano 2026 van a ter impacto as entregas polo outorgamento das Subvencións finalistas correspondentes aos FMRR e doutros axentes financeiros en relación co gasto xa executado, cuxo ingreso vai xerar unha mellora no cálculo da estabilidade orzamentaria, así como o impacto que vai ter no estado de gastos do orzamento a modificación orzamentaria nº 16/2026, de incorporación de remanentes por unha contía de 89.827.422,86 euros e a 22/2026.

En relación co variación tendencial do gasto e do ingreso, a esta data está en tramitación a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 5 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



implantación do recargo do imposto que regula a Lei 1/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas para a implantación da taxa turística, que vai supoñer un incremento dos recursos cuantificados para o ano 2026 e 2,1 millóns de euros.

As variacións contidas neste marco, teñen causa nas directrices que forman parte do expediente dadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda e na evolución tendencial.

En relación ás modificacións que se materialicen en determinadas competencias que poden ser obxecto de variación pola modificación do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por aplicación da Lei 27/2013, de 27 de decembro, Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local e Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes operadas pola entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, na que se establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

En aplicación do artigo 25 da LBRL, non hai maiores cargas orzamentarias en relación con novos servizos, estando reflectidas as dotacións para dar cobertura ás obrigas que se estiman van xurdir da execución das competencias en vigor.

## VI.- COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DOS MARCOS ORZAMENTARIOS.

De conformidade co previsto no art. 168.1 do TRLRHL, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e art. 18.1 do R.P., aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a formación do proxecto dos orzamentos corresponde ao Alcalde-Presidente da Corporación, será aprobado pola Xunta de Goberno Local e someterase a aprobación do mesmo ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

En consecuencia, é o Alcalde-Presidente da Corporación quen debe fixar os límites dos orzamentos dentro da evolución prevista do gasto non financeiro ou índice que se fixe, todo elo sen prexuízo da competencia do Pleno da Corporación para aprobar ou rexeitar os Orzamentos anuais formados e propostos polo Alcalde-Presidente.

En execución dese mandato legal e delegacións vixentes, tendo en conta as directrices de formación, elaborouse o marco orzamentario que agora vai ser sometido á aprobación.

Polo tanto, sométese á decisión do Sr. Presidente da Corporación, a aprobación para a súa remisión ao Ministerio de Facenda, o marco orzamentario correspondente ao período 2027-2029, sen prexuízo dos axustes que se fagan ano a ano en función das variacións que xurdan e alteren o marco, e tamén coas limitacións en canto a evolución dos ingresos, en especial, as variacións que teñen causa nas liquidacións pola Cesión de Tributos do Estado en no Fondo Complementario de Financiamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 6 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## VII.- CRITERIOS TIDOS EN CONTA PARA A FORMACIÓN DO MARCO ORZAMENTARIO.

Para o ano 2026, a Liquidación prevista no Marco Orzamentario vai a reflectir os estados previstos, tendo en conta que está previsto unha execución no capítulo 6 do 57,7%, sobre os créditos definitivos, superior ca dos últimos anos, aínda que, tamén se ten en conta que vai ser un período de maior execución neste capítulo, xa que a modificación orzamentaria de incorporación de remanentes de crédito é para facer fronte ao financiamento de proxectos que na maioría dos casos, están en licitación ou xa están en execución.

En relación cos anos 2027-2029, estase a avaliar as previsións iniciais tanto no estado de gastos como no de ingresos.

As previsións iniciais teñen orixe na Liquidación orzamentaria aprobada do exercicio 2025 e nas previsións de peche do ano 2026, que figuran neste documento, e as variacións tendenciais tendo en conta a previsión de variación do PIB previsto para o período. Achégase un estado de previsión de liquidación do perímetro de consolidación, así como os criterios de formación das previsións iniciais do marco orzamentario

A base de proxección dos estados orzamentarios, ten fundamento na previsión inicial do orzamento aprobado para o ano 2026.

Tendo en conta o anterior, no formulario F.2.3, para o ano 2026, fanse os axustes correspondentes entre os dereitos recoñecidos e a recadación prevista para os capítulos I, II e III, así como os axustes dos FMRR e a variación xerada polo anticipo a conta do mes de decembro do ano 2025 e do ano 2026, que son imputados en CL en xaneiro do ano seguinte.

Para o período 2027-2029, de acordo á información do histórico, é maior a recadación de corrente e pechados que as previsións iniciais de ingresos, en consecuencia, non se fan axustes de recadación.

En canto á Regra de Gasto, fanse os axustes de inexecución que se achegan no documento, así como os dos gastos con financiamento finalista, dentro da porcentaxe que se estima se executarán.

Tendo en conta as directrices achegadas para a formación do Marco Orzamentario, os criterios que se tiveron en conta para a variación do gasto, teñen a súa base de cálculo, na plantilla efectiva, nos contratos de servizos, na xestión dos servizos públicos, nos gastos operativos e de funcionamento, nos de mantemento, nas transferencias ao transporte público, plans de emprego, investimentos necesarios, etc., considerando unha variación tendencial acorde coas previsións de variación do PIB.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 7 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO

DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 102/142

En canto a previsión de liquidación do ano 2026, os estados de gastos e ingresos están avaliados tendo en conta a corrente tendencial dos últimos anos e o contexto actual, de aí, que se manteñan practicamente estables, coa excepción tendencial nalgúns dos ingresos que queda amosada na estrutura e cuantificación dos mesmos que avaliou a Sra. Directora de Ingresos no proceso de formación do proxecto de orzamentos do ano 2026.

Na estimación da liquidación, tívose en conta as modificacións orzamentarias xa tramitadas, reflectindo un GNF consolidado 110% en relación cos créditos iniciais e dun 78,86% en relación co orzamento definitivo, superior en 12 puntos á execución do ano 2025. Tendo en conta as hipóteses de traballo previstas para a estimación da Liquidación do Orzamento do ano 2026 do grupo de consolidación, hai capacidade de financiamento, é dicir, superávit.

Así mesmo, dáse cumprimento á TRCPIB, dando cumprimento ao cumprimento da evolución do gasto non financeiro para o ano 2026 e para o marco orzamentario 2027-2029.

### VIII.- ÍNDICE DE EXECUCIÓN PREVISTA PARA O ANO 2026 E VARIACIÓN PARA OS ANOS 2027/2029

Os criterios tidos en conta para avaliar a execución do estado de gastos, teñen a súa orixe na serie histórica. Como se pode verificar nas táboas que se incorporan, sempre se prevé unha execución maior que a media, garantindo deste xeito que se vai dar cumprimento á Liquidación prevista para o ano 2026.

*Índice previsto de execución por capítulos dos estados orzamentarios do grupo.*

Porcentaxes de Previsión liquidación do ano 2026

Capítulos	Concello		XMU		MARCO		CONVE. BUREAU		LISTE	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
1	82,00%	100,00%	95,00%	0,00%	99,00%	90,00%	99,00%	0,00%	99,00%	0,00 %
2	94,00%	100,00%	85,00%	0,00%	98,00%	0,00%	98,00%	0,00%	99,00%	0,00 %
3	95,00%	101,00%	0,00%	105,00%	100,00%	90,00%	0,00%	100,00%	100,00%	100,00 %
4	95,00%	105,00%	0,00%	100,00%	0,00%	100,00%	100,00%	100,00%	0,00%	100,00 %
5	0,00%	95,00%	0,00%	95,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00 %
6	55,00%	100,00%	50,00%	100,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00 %
7	80,00%	60,00%	50,00%	75,00%	0,00%	100,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00 %



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 8 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



*Índice de variación do gasto previsto 2027/2029*

Capítulo	2027	2028	2029
1	5,50 %	3,00 %	1,50 %
2	2,00 %	2,00 %	2,00 %
3	0,50 %	0,50 %	0,50 %
4	2,00 %	2,00 %	2,00 %
5	0,00 %	0,00 %	0,00 %

**IX.- ESTADO DE GASTOS CONSOLIDADO**

**Capítulo I, gastos de persoal**

A previsión de liquidación é dun 83,12%. No ano 2025, a execución do capítulo 1 foi do 82,64%. En relación co marco 2027-2029, a execución esperada que foi tomada en consideración para calcular a inexecución, foi a seguinte:

Capítulos	Inexecución		
	2027	2028	2029
1	18,00 %	17,00 %	16,00 %

Nas previsións de execución deste capítulo, tívose en conta as OEP pendentes de execución e as prazas vacantes non asociadas a OEP.

En canto aos anos 2027-2029, a información hai que avaliala en termos de previsión inicial non de execución, tomouse como base de cálculo as previsións iniciais do ano 2026, e sobre a mesma, aplícanse os criterios que figuran nas directrices que forman parte do expediente.

Evolución do gasto do capítulo 1. En canto ao gasto de persoal, hai que estar ao acordo regulador aprobado polo Real Decreto-lei 14/2025, de 2 de decembro.

Capítulo	Variación % capítulos Gastos		
	2027	2028	2029
1	5,50 %	3,00 %	1,50 %





Aplicouse a mesma porcentaxe aos gastos das Fundacións MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU correspondentes ao capítulo de persoal.

### Capítulo II, Gastos en bens e servizos correntes

O capítulo II no ano 2026 está calculado en termos de liquidación, as obrigas previstas xa teñen reflectido o impacto da modificación de créditos pola incorporación de remanentes e das modificacións en trámite, as obrigas previstas representan o 94,86% dos créditos definitivos. En relación co período 2027-2029, avalíase en termos de gasto inicialmente previsto, polo que, tomando como referencia os créditos iniciais do orzamento consolidado do ano 2026, aplícase unha variación tendencial.

Capítulo	Variación % capítulos Gastos		
	2027	2028	2029
2	2,00 %	2,00 %	2,00 %

Nos estados de referencia, reflíctese o gasto das Fundacións MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU, xunto cos da Entidade e o O.A.A (XMU). Non se reflicten novos servizos que supoñan unha alteración cuantitativa, senón que se se aumenta algunha prestación como é o SAF, e o contrato de xardíns e parques infantís.

En relación coa execución deste capítulo, a proxección para o marco orzamentario de inexecución, é a seguinte:

Capítulos	Inexecución		
	2027	2028	2029
2	5,00 %	4,00 %	3,00 %

Como norma de estabilidade na estrutura de custes dos servizos, nos contratos vixentes pola aplicación do Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, agás das modificacións que se poidan aprobar, mantense o prezo do contrato segundo a oferta e o contrato asinado.

O financiamento afectado deste capítulo no orzamento do ano 2026, segundo os axentes cofinanciadores é o que se relaciona na táboa seguinte, como se pode observar, neste orzamento están incluídos determinados financiamentos que se repiten no marco orzamentario, e que xeran unha estabilidade nos recursos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 10 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Aplicación	Emprego	FEDER	XUNTA	DEPUTACIÓN
2310.2279901	Lei dependencia. Plan concertado. X. Galicia	0.00	9.425.000.00	
3112.22799*	CEDRO. Xunta de Galicia	0.00	541.039.00	
1510.2270602	Oficina de rehabilitación	0.00	211.875.84	
3230.22799	Subv. Escolas infantís	.00	572.914.00	
1622.2279916	Fondo Cooperación Local residuos	,00	1.317.862,02	
1532.2260201,2270604,05,06	Alcabre verde Fundación Biodiversidade	58.883,38	12.068.690,86	

Estase a computar o gasto e o ingreso

A modificación do estados de gasto neste capítulo en relación co expediente de incorporación de remanentes, MC/16/2026 é de 4.433.314,27 euros, e da modificación MC/22/2026 foi de 5.160.016,95 euros.

#### Capítulo IV, Subvencións e transferencias correntes

Nas previsións feitas, estanse a manter a transferencia as Fundacións, as dotacións as políticas de emprego, axudas para alimentos, axudas á carencia enerxética, axudas para alugueiros, becas e libros de comedor, subvencións ao deporte, axudas aos usuarios do Transporte urbano colectivo, comedores sociais, etc, é dicir, a estrutura vixente do ano 2026 é a proxectada para o marco orzamentario. Estase a manter a base do Plan Estratéxico de Subvencións .

Ao tratarse de estados consolidados, están eliminadas as transferencias internas entre o Concello e o OA. Xerencia Municipal de Urbanismo. Do mesmo xeito, elimínase as transferencias de financiamento non finalista que se fai ás Fundacións dependentes: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU, xa que están incluídas dentro do perímetro de consolidación aos efectos do SEC-2010, Regulamento (UE) nº 549/2013.

Capítulo	Variación % capítulos Gastos		
	2027	2028	2029
4	2,00 %	2,00 %	2,00 %

A previsión de execución deste capítulo para o ano 2026, incluída a incorporación de remanentes é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 11 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 102/142

Capítulos	Inxecución		
	2027	2028	2029
4	4,00 %	3,00 %	3,00 %

*Financiamento afectado deste capítulo no orzamento do ano 2026.*

Aplicación	Proxecto	Emprego	Adm.Central
4411.4700002		Transporte Público Colectivo (TUC). Subvención anual	1.592.079.82
4411.4700002		Bonificación do 30% Transporte Público Colectivo (TUC).	2.474.613.64

*Sistemas de financiamento a entes sectorizados*

Aplicación	Emprego	Importe
3330.4890000	Fundación Liste	125.000,00
3330.4890001	Fundación Laxeiro	95.000,00
3410.4890002	Fundación Vide	125.000,00
9420.4630000	Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo	180.000,00
9420.4680000	Entidade Menor de Bembrive	320.000,00
Total		845.000,00

*Transferencias correntes aos entes dependentes do grupo de consolidación*

Aplicación	Emprego	Importe
1510.4100000	XERENCIA Municipal de Urbanismo	6.273.000,00
3330.4890003	Fundación MARCO	770.000,00
3330.4890000	Fundación LISTE	127.000,00
4320.4890000	Fundación C.BUREAU	500.000,00
Total		7.670.000,00

A modificación do estados de gasto neste capítulo en relación co expediente de incorporación de remanentes, MC/16/2026 é de 52.983,00 euros, e da modificación MC/22/2026 foi de 28.071,22 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 12 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



### Capítulo V.- Fondo de continxencia.

Sin variación. O artigo 31 da LOEPSF, regula o fondo de continxencia. A contía e as condicións de aplicación da devandita dotación será determinada por cada Administración Pública no ámbito das súas respectivas competencias.

A Base 5ª bis das de Execución do Orzamento, desenvolve os criterios de aplicación e contía. A dotación representa o 0,17 % do total do GNF do orzamentado consolidado.

### Capítulo VI, Investimentos reais

O capítulo de investimentos, ademais do financiamento propio, ten previsto o cofinanciamento doutras administracións.

Na previsión da execución do Orzamento do ano 2026, está engadida a incorporación de remanentes, modificación 16/2026 por unha contía de 80.543.353,79 euros na entidade matriz e 5.971.714,88 euros na Organismo Autónomo XMU, así mesmo, tamén está engadida a MC/22/2026, que neste capítulo é de 5.379.043,43 euros . As modificacións cuantitativas en trámite financiadas con RLTXG tamén están computadas, as que se financien no transcurso do ano con financiamento afectado ou cofinanciadas non se computan, non terán impacto nas regras fiscais, o cofinanciamento farase con cargo a baixas doutras aplicacións.

Tamén se ten computado o efecto de adquisición dos activos móbiles do TUC a concesionaria que remata a prestación, así como a venda dos activos móbiles a nova prestadora do Servizo. Aínda que non se sabe con certeza cal será o mes, a estimación do gasto no capítulo 6, estímase en 22 millóns de euros.

Outro expediente que se ten en conta por unha contía de 20,5 millóns de euros, e o reintegro que hai que facer a concesionaria Eloymar polos aparcadoiros de P. Sanz, Areal e Pintor Colmeiro.

En relación coa porcentaxe de execución dos créditos definitivos, espérase que cheguen a fase de recoñecemento da obriga unha porcentaxe do 54,81% dos estados definitivos, o que suporía unha contía de obrigas de 97.611.468 euros, superior ao que ven acontecendo nos anos precedentes.

Para o horizonte 2027/2029, entre os investimentos que van a ser financiados con acordos de cofinanciamento doutras administracións, están os que se corresponden coas anualidades do dos convenios vixentes coa Excm. Deputación de Pontevedra (infraestruturas, 5 millóns ano os da Estratexia de Desenvolvemento Integrado Local (EDIL, 2026-2028), o convocado pola Fundación Biodiversidade 2026-2028. A estimación por todos os convenios, é de 10 millóns ano.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 13 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
DIRECCIÓN SUPERIOR CONTABLE E ORZAMENTARIO / INTERVENCIÓN

Expediente Nº: 102/142

Os investimentos de cada un dos exercicios do Marco Orzamentario, van a estar condicionados pola execución, polo que si algún dos proxectos previstos para o ano 2026, non chegase a fase de adxudicación e tivese financiamento afectado na súa totalidade ou en parte, habería que volvelo a orzamentar.

As circunstancias que afectan aos proxectos de investimentos pola incorporación dos informes sectoriais, pode, e de feito así acontece, atrasar en moitos casos a data inicial de execución do proxecto.

O financiamento afectado do marco orzamentario, reflíctese no PAIF, En canto ao cofinanciamento que se reflicte no orzamento do ano 2026, é o seguinte:

Empregos con financiamento alleo correspondentes aos investimentos

Aplicación	Proxecto	Emprego	XUNTA	FEDER	A.C	MITMA	DEPUTACIÓN
1532.6190091	23153291	Humanización Avd. De Madrid				5.100.000,00	
1510.6800200	24151010	Edificio Esturáns vivendas	1.187.982,00				
2310.6270030	26231030	Vigo Social TV			469.300,00		
3420.6320015	22342009	Piscina Teis					5.000.000,00
9330.6320010	14933010	Investimento mellora E. Balaídos*					6.576.154,55
15326190000.		Alcabre Verde		589.340,50			
Por axentes		EDIL, 1532, (3), 1539(1), 1710(1), 3330(2),3360(4),3420(1), 4310(1), 4320(4)	0,00	4.258.449,85	0,00	0,00	0,00
			1.187.982,00	4.847.790,35	469.300,00	5.100.000,00	11.576.154,55
Total						23.181.226,90	

Capítulos	Inxecución		
	2027	2028	2029
6	6,00 %	5,00 %	5,00 %



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 14 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Capítulo VII**

*Transferencias de capital aos entes dependentes do grupo de consolidación*

Aplicación	Emprego	Importe
3330.4890003	Fundación MARCO	125.000,00
Total		125.000,00

**LIQUIDACIÓN DO ESTADO DE GASTOS PREVISTA DO ANO 2026 E MARCO ORZAMENTARIO 2027-2029**

Avalíase cada ente do perímetro de consolidación por separado, no estado consolidado xa se reflicten os axustes de consolidación que figuran na táboa de axustes que están relacionados coa recadación de corrente e pechados en relación cos DRN, co carácter neutro dos FMRR, de tal forma que si:

DR-I > %financiamento\*Obrigas recoñecidas, o axuste é negativo.

DR-I < %financiamento\*Obrigas recoñecidas, o axuste é positivo.

Axuste pola imputación en anos distintos na CN e na CL do ingreso a conta do mes de decembro que en CN se imputa no mes de decembro e na CL no mes de xaneiro.

ENTIDADE (Orzamento de gastos)

Capítulo	Créd. iniciais	Créd. definitivos	%	2.026	PREVISIÓN. Creditos iniciais		
				Estimado	2027	2028	2029
1	81.425.134,17	81.242.466,17	82,00 %	66.618.822,26	85.903.516,55	88.480.622,05	89.807.831,38
2	174.131.019,70	183.983.055,61	94,00 %	172.944.072,27	177.613.640,09	181.165.912,90	184.789.231,15
3	60.530,00	60.530,00	95,00 %	57.503,50	60.832,65	61.136,81	61.442,50
4	44.748.463,86	44.819.518,08	95,00 %	42.578.542,18	45.771.509,08	46.686.939,26	47.620.024,85
5	600.000,00	600.000,00	0,00 %	0,00	600.000,00	600.000,00	600.000,00
6	42.401.895,61	169.931.291,23	39,00 %	93.473.203,58	35.375.394,44	32.882.414,28	31.363.117,36
7	1.500.151,00	2.115.054,55	80,00 %	1.692.043,64	1.530.154,02	1.560.757,10	1.591.972,24
8	500.000,00	5.000.000,00	75,00 %	4.875.000,00	500.000,00	500.000,00	500.000,00
Total	345.367.194,34	487.751.915,64	78,37 %	382.239.187,43	347.355.046,83	351.937.782,39	356.333.619,48



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/04/2026 08:02	Páxina 15 de 30
102-142	CSV: AFB1AD-DHAH5C-E3D23H-LSLRG9-2RA4V7-FD	
